




PUBLICACIÓNS

■ **TAIBO, Carlos (1994): 20 preguntas sobre os conflitos iugoslavos.** Vigo, Nova Escola Galega.

Cando a guerra dos Balcans Occidentais dura xa casi catro anos, Nova Escola Galega, a instancia do seu grupo Educadores pola paz, sección de Ourense, facilita este texto que a modo de caderno breve e explicativo, ofrece en poucas páxinas unha información básica, global e sintetizada do conflito bélico que está a estragar os territorios da ex-Iugoslavia. Ademais da súa contextualización histórica e xeográfica, a publicación pretende responder a preguntas básicas, e tamén centrais, como as causas do conflito, os contendentes, as tácticas empregadas, a "limpeza étnica", o papel da comunidade internacional en xeral e de Europa en particular, a situación dos refuxiados, o papel do movemento pacifista, as perspectivas de futuro, etc. Para respostar a estas preguntas ninguén mellor que o noso colega e paisano Carlos Taibo, Profesor de Ciencia política na Universidade Autónoma de Madrid, autor de diversos libros, en galego e castelán, sobre os países da Europa do Leste (no nº 6-7 deste Boletín reseñase un dos seus libros, premio da Crítica de Ensaio 1992).




As persoas interesadas en recibir esta publicación, poden solicitala a:

Educadores pola Paz. Apartado 577. Vigo
(o custe é de 300 pts. máis gastos de envío).

■ **AUTORES VARIOS (1994): Educando para la paz: Nuevas propuestas.** Granada, Universidad de Granada.

Este libro colectivo, coordinado por Alfonso Fernández Herrería y editado por el Seminario de Estudios sobre Paz y Conflictos de la Universidad de Granada, desarrolla diversas temáticas ligadas a la Educación para la Paz, entre las que destacamos violencia y conflicto en el sistema educativo y en la sociedad; el currículo escolar ante una sociedad multicultural; los conflictos en el aula; la educación para la paz y la organización escolar; la Educación para la Paz y la formación de profesores y Educación para la Paz y racionalidad educativa. Al leer el libro, lo primero que nos viene a la cabeza es sin duda el hecho de que parece que, por fin, algunos sectores de la Universidad española comienzan a tomar un poco en serio la Investigación y la Educación para la Paz.



As persoas interesadas en recibir esta publicación, poden solicitala a:

Seminario de estudios sobre la paz y los conflictos.
Universidad de Granada
C/Rector López Argüeta, s/n.
18071 GRANADA.
Tfno. (958) 24 41 42

EDUCACION PARA EL DESARROLLO Y LA PAZ -Experiencias y propuestas en Europa-


O modelo actual de desenvolvemento no mundo manifesta insuficiencias radicais: exclúe do benestar a tres cuartas partes da humanidade, xera formas de vida e hábitos de consumo ecolóxicamente non sostibles, promove relacións comerciais inxustas, e fomenta coa súa irracionalidade conductas xenófobas e racistas.

Cómpre unha educación para un desenvolvemento que supere a orde internacional inxusta en que vivimos. Nesa dirección apunta a proposta deste libro: **Un proxecto de Formación de Formadores** na Educación para o Desenvolvemento. **Catro estratexias educativas** para abordar os temas Norte-Sur dun xeito creativo, elaboradas e experimentadas por diversos grupos europeos. E, como marco destas experiencias, a **análise do papel das ONG europeas**, perfilando a súa traxectoria e os retos da Educación para o Desenvolvemento nesta década.

SODEPAZ e autores, 1994

Editorial Popular, S.A.

r/ Bola, 3 - 28013 Madrid - Tel. 548 27 88



LA DIFERENCIA ENRIQUECE

Colecc. Documentos curriculares n.º 1

-Ayuntamiento de Valladolid- Concejalía de Educación


Trátase dunha unidade didáctica estruturada do seguinte xeito:
A) A modo de introducción, coméntase nela diversas ideas (paz positiva, non-violencia, DENYP).

Promociónase unha campaña arredor do tema do interculturalismo, na que se conta coa colaboración da Concellalía de Educación do Concello de Valladolid.

Facilítanse unha serie de datos estadísticos sobre migracións en Europa e explícanse os fundamentos dunha didáctica intercultural, apuntando tamén unha metodoloxía específica e aportando bibliografía.

B) Nunha segunda parte, propóñense distintos centros de interés para traballa-lo interculturalismo dende as diferentes etapas:

- Non todos somos iguais - 2º Ciclo Educ. Infantil



- A cultura africana - 1º Ciclo Educ. Primaria
- Os españois xitanos - 2º Ciclo Educ. Primaria
- A España diversa - 3º Ciclo Educ. Primaria
- A diversidade étnica e o home de cores - 1º Ciclo Educación Secundaria.

- Orientacións e suxerencias xerais para nenas/os con necesidades educativas especiais:

En todos estes apartados establécense unha serie de dinámicas de actuación que abranguen dende propostas de traballo individual ou colectivo, ata xogos cooperativos; axeitándoas ás diferentes idades das/os alumnas/os e motivando sempre a reflexión en grupo.

C) Engàdense unha lista de recursos didácticos que inclúe relación de organizacións que publican algún material deste tipo, así como artigos sobre o tema publicados na prensa, películas, libros, etc.

En resumen, faremos un material axeitado e de gran utilidade para facilitar o traballo directo na aula.

As persoas interesadas nesta publicación, poden solicitála a:

Servicio Municipal de Educación de Valladolid

Calle Antonio Lorenzo Hurtado, n.º 8


47014 Valladolid

Tfno.: (983) 37 48 15 - Fax: (983) 37 48 62

LAS MIGRACIONES: EL OLVIDO DE NUESTRA HISTORIA.

Vicenc Fisas; investigador sobre a paz e o desarme do Centro Unesco de Cataluña, membro do Seminario de Investigación para a paz de Zaragoza e coordinador da Asociación de apoio a inmigrantes "Valles Sense Fronteres"; acaba de sacar á luz esta nova obra que trata de achegarnos a un antigo problema da humanidade ("a historia dos asentamentos da poboación e das migracións xa ten 150.000 anos") que segue a ser un foco de conflitos nas sociedades actuais.

Neste libro o autor recolle; agrupados nos seguintes apartados: A diversidade no mundo, As emigracións, Refuxiados, A emigración en Europa, O Magreb en Europa, A emigración Española, A inmigración en España, Aragón e as migracións; unha serie de datos que expostos de maneira moi sinxela, con gráficas e unha linguaxe moi asequible, dan unha rigurosa e considerable información sobre a historia e situación actual dos movementos migratorios, así coma das causas que os orixinan; rematando cun capítulo titulado "O reto da interculturalidade" no que nos ofrece unha clarificación de conceptos relacionados co tema e unhas reflexións sobre a necesidade de loitar contra un mundo inxusto, de pobreza e miseria que xenera situacións de: desigualdade, intolerancia, racismo e violen-



ser a nosa resposta respecto da elaboración dos PECs; da participación; etc.?; ¿cómo afrontamos os conflitos que desde o punto de vista organizativo se producen nos centros?

10,15 - 10,45 h. Aclaración de dúbidas, preguntas (En gran grupo).

11,00 - 12,30 h. Traballo en grupos simultáneos.

13,00 - 14,00 h. Presentación das conclusións de cada grupo e elaboración de conclusións do debate.

14,00 h. Xantar (Almoço).

16,30 h. Xogos cooperativos na ribeira do río Sarria.

17,30 - 19,00 h. Presentación simultánea de experiencias (intentárase dar un tempo de 30 minutos por experiencia, incluíndo a exposición e as posibles preguntas ou aclaracións).

19,30 - 21,00 h. Dinámicas de grupo/obradoiros simultáneos.

21,30 h. Cea.

22,30 h. Ata que o corpo aguante: Gran festa pola Paz: cantigas; xogos; danzas; ... eo que se presente.

Domingo, día 30 de abril:

09,00 h. Almorzo (pequeno almoço)

10,00 h. Presentación simultánea de experiencias e/ou obradoiros.

12,00 h. Asamblea xeral. Avaliación e Conclusións do Encontro.

13,30 h. Foto da paz.

14,00 h. Xantar (Almoço). Clausura do Encontro.

Dado que o lúns (segunda feira) é festivo (feriado) estamos a preparar unha visita turística cultural para o domingo pola tarde pola zona que, como dixemos, é Camiño de Santiago: Sarria-Portomarín-Samos-etc. Nos trípticos co programa definitivo xa volo concretaremos.

PRECIO:

Matrícula:

a) Socios de NEG e do MEP; estudantes e parados: 2.500 Pts.

b) Resto: 3.500 Pts.

Pensión completa: en habitacións dobles ou triples: 9.000 pts. (IVE incluído) o fin de semana.

PRAZAS LIMITADAS.

Inscripción por riguroso orde de chegada.

As persoas matriculadas recibirán previamente o documento de traballo para ser analizado previamente.

As persoas ou grupos que presenten experiencias/obradoiros deberán enviar un **resumo da mesma nun máximo de dous folios** para entregar ós asistentes (Prégase acompañalo con soporte informático en WP.5.1).

INSCRIPCIONS:

Envía os teus datos, xunto coa fotocopia do xustificante da transferencia bancaria a:

Educadores pola Paz

Apdo. 577. VIGO (Pontevedra).
España.

FORMA DE PAGO:

Transferencia bancaria a nome de Educadores pola Paz. Conta nº 04.019453.5 de Caixavigo (Oficina principal) en Vigo.

OPINIÓN

PLATAFORMA 0,7%

Había xa tempo que ningún movemento social conseguía introducir na sociedade un debate de tanta amplitude como a campaña polo 0,7%. Desde hai meses, as "plataformas polo 0,7%" e as ONGDs ocupan as rúas e os medios de comunicación con todo tipo de movilizacións que tiñan un único obxectivo: encarar á sociedade coa realidade dun mundo profundamente desigual e inxusto, e reclamar o incremento da cooperación económica dos países ricos como primeiro paso para comenza a superar os desequilibrios.

Ninguén descoñece a situación de atraso e subdesenvolvemento que afecta a grandes áreas do plane-

ta, nen as terribles traxedias humanas que leva aparelladas: a fame, a enfermidade e a morte de millóns de persoas. Pero a acampada polo 0,7% supón a primeira toma de conciencia, o primeiro cuestionamento da nosa propia responsabilidade diante dese horror.

Porque o empobrecemento de moitos é resultado do enriquecemento de uns poucos. O sistema económico mundial, controlado polas grandes potencias, permitiu e permite, que os países máis ricos se beneficien das riquezas dos máis pobres. As materias primas, a man de obra barata, os recursos ecolóxicos e mesmo o capital existente no "Sur" financiaron e financian o crecemento económico do "Norte". A adxudicación do 0,7% do PIB dos países enriquecidos para cooperación ao desenvolvemento dos

cia; cooperando con aquelas sociedades que teñen maiores dificultades e que se ven obrigadas a emigrar; tendo en conta que isto implica unha redistribución da riqueza e un cambio nos nosos modelos de desenrolo, consumo e valores.

Coido que a súa lectura pode resultar útil e interesante tanto a nivel persoal como para a súa aplicación no ensino.

Podedes pedilo a:

Seminario de Investigación pola Paz
Constitución, 6 - 50008 Zaragoza
Telf.: 217217 - Fax.: 230113

■ A DIDACTICA DOS DEREITOS DOS NENOS E DAS NENAS

Baixo a coordinación da Pedagoga Belén Regueiro, a Delegación de Educación do Concello de Lugo, edita un caderno que ofrece unha serie de propostas para traballar na escola aspectos relacionados cos Dereitos do Neno/a.

As suxerencias preséntanse agrupadas en catro apartados:

O primeiro trata da educación para o Desenvolvemento. Partindo do artigo "Tamén queren ser nenos e nenas" de Ramón Ferreño, desenrollanse varias actividades que se complementan coa exposición de experiencias realizadas en dous colexios de Lugo.

O segundo céntrase nos "Dereitos dos Nenos/as" e partindo igualmente de textos, propón accións encamiñadas

a reflexionar sobre o tema. Tamén fai unha referencia a obra "Zapatos Vermellos" da Compañía de teatro Paraíso, inspirada na situación dos nenos de Brasil.


A terceira parte contén un artigo titulado "Nenos e nenas en situacións Bélicas" extraído dun informe da UNICEF "El estado mundial de la infancia".

Nacuarta trátase do xogo como dereito dos nenos/as e recolle propostas da unidade didáctica elaborada pola APDH "Aprende a xogar, aprende a vivir".

Sexa benvida esta iniciativa que, non dubidamos, contribuirá a espallar unha cultura de paz e solidariedade.

Pedidos a:

Oficinas Municipais de Quiroga Ballesteros
C/ Quiroga Ballesteros, S/N - 27001 Lugo
Telf.: (982) 297100 Ext.215
Fax.: (982) 297106



NOVAS

■ III CONGRESO SOBRE EDUCACION PARA LA PAZ

Retomando o fío conductor dos dous primeiros Congresos estatais de educación para a paz, o Grupo de Educación para la Paz do MRP Concejo Educativo de Castilla y León, organiza este Congreso coa colaboración, entre outros, do grupo Educadores pola Paz de Nova Escola Galega. O Congreso estruturase en Conferencias, Ponencias, Intervencións dos grupos, obradoiros, asemblea xeral e actos sociais.

Pensando especialmente nas persoas que traballan, no senso de facilitar o desprazamento de varios días, o Congreso terá lugar os días **25 ó 28 de febreiro** (festas do Antroido) de 1995 en **Valladolid**. O avance do programa é o seguinte:

Sábado, 25 de febreiro, pola tarde:

18,00 - 21,00 h. Recepción dos asistentes e reparto de documentación.

Domingo, 26 de febreiro

09,00 - 10,00 h. Recepción.

10,15 h. Acto inaugural e primeira Conferencia a

cargo de F. Mayor Zaragoza (**Director da UNESCO. París**): "El mundo posmoderno a la deriva". (por confirmar).

12,30 - 14,00 h. Ponencia: J.Carlos Tedesco (Director da Oficina Internacional de Educación. Xinebra): "El mundo de los valores a las puertas del siglo XXI".

16,30 - 18,00 h. **Intervención simultánea dos distintos grupos.**

18,30 - 20,30 h. **Obradoiros simultáneos.**

21,00 h. **Acto social: Cea e festa con musica.**

Lúns, 27 de febreiro

9,30 - 11,00 h. Conferencia: "Etica e posmodernidade para unha escola de paz" (posibles conferenciantes F. Savater; J. Muguerza; I. Sotelo; P. Fdez. Buey).

11,30 - 13,30 h. Ponencia: "Labor educativa de los grupos de Educación para la paz" (posible conferenciante R. Grasa).

19,00 - 21,00 h. **Asamblea xeral dos grupos e asistentes:**

“A situación do movemento de educadores pola paz no Estado español: retos e perspectivas” (Elabora o documento de traballo, que será enviado previamente aos grupos e persoas que se matriculen, Xesús R. Jares).

21,00 h. Visita cultural.

23,00 h. Baile de disfraces.

Martes, 28 de febreiro

9,30 - 11,00 h. Ponencia D. Novara (Italia) e Xesús R. Jares: **“Os temas transversais dentro e fora da escola”**.

11,30 - 13,30 h. Mesa redonda: **A resposta institucional á educación para a Paz**, coa participación de representantes do MEC e de tódalas autonomías con competencias educativas.

16,30 - 18,30 h. Conclusións e Conferencia de Clausura a cargo de Rigoberta Menchú (por confirmar): **“O diálogo como estratexia de loita pola paz”**.

O Congreso terá lugar no PALACIO DE CONGRESOS da Universidade de VALLADOLID. **O prelo da matrícula, que inclúe a cea-festa do día 26, é de 6.000 Pts. para estudantes e parados (con xustificante); e 8.000 Pts. para o resto.** As persoas interesadas en obter información e/ou matricularse poden facelo no

Servicio Municipal de Educación de Valladolid
3^{er} Congreso de Educación para la Paz
Calle Antonio Lorenzo Hurtado, n.º 8
47014 Valladolid
Tfno.: (983) 37 48 15 - Fax: (983) 37 48 62

POR UNHA EUROPA DE PAZ, MULTIETNICA E INTERCULTURAL.

I Congreso Europeo de Educación para a Paz. Santiago de Compostela, 7 a 10 de Xullo-94.

Perto de 700 persoas inscritas, de diversos países europeos, cunha significativa presenza americana e africana. Se ben unha boa parte das persoas inscritas traballan no eido da Educación Formal, tamén foi importante a presenza de persoas que procedentes da educación Non Formal, do mundo Sindical, do Dereito, da Ecoloxía, de Grupos Feministas e Antimilitaristas, etc.

O número de ponencias e experiencias presentadas e debatidas sumou un total de 64, delas 11 de Galicia. A calidade e interese das diversas ponencias e experiencias quedou reflexado na elevada participación das persoas inscritas.

Non faltaron os xogos cooperativos, a visita nocturna á cidade de Santiago e a festa rachada na noite do Sábado 9 de Xullo.

Foron, xa que logo, xornadas de traballo moi intenso

que apenas deixaron tempo para que a xente visitase no Instituto Rosalía de Castro a Feira da Paz. Nela as organizacións asistentes presentaron as súas publicacións e materiais educativos, camisetas, pins, pegatas...

Un resultado máis que satisfactorio, que mereceu a felicitación da organización internacional "Teachers for Peace". E todo elo gracias ao traballo desinteresado e xeneroso de moita xente.

IX ENCONTRO GALEGO E II GALEGO-PORTUGUES DE EDUCADORES POLA PAZ

Aproveitamos as páxinas do **NOVAPAZ** para convocaros á cita anual de todos aqueles e aquelas que nos identificamos cos presupostos ideolóxicos e didácticos dunha educación para a paz. Como é sabido, desde o ano pasado que comezou a nosa colaboración "institucional" cos nosos colegas portugueses, os Encontros fanse un ano alén Miño e ó seguinte na Galiza. O ano que nos corresponde a nós, seguimos a manter a rotación polas catro provincias galegas. Este ano toca pois rematar a segunda ronda polas catro provincias galegas na provincia de Lugo.

Despois de buscar e buscar, creemos que dimos co sitio ideal: tanto pola beleza do lugar, como polas instalacións, así como polo precio o Encontro terá lugar en **Sarria (Lugo) no Hotel Alfonso IX (Tres estrelas)**, a carón mesmo do río Sarria e en pleno **camiño de Santiago**.

DATAS DE CELEBRACION:

28, 29 e 30 de abril de 1995

LUGAR:

Hotel Alfonso IX. Rúa do Peregrino, 29. SARRIA (Lugo).

PROGRAMA (Avance):

Venres, día 28 de abril:

16,00 - 18,00 h. Recepción, aloxamento, entrega de documentación.

18,30 - 19,45 h. Xogos cooperativos.

20,00 h. Salutación-presentación dos grupos e organizacións presentes no Encontro.

21,00 h. Cea.

22,30 h. Proxeccións audiovisuais ou itinerario nocturno por Sarria ou minifesta da paz.

Sábado, día 29 de abril:

09,00 h. Almorzo (pequeno almorzo)


09,30 - 10,15 h. Presentación do documento de debate deste ano: O tema deste ano é **“A resposta organizativa da Educación para a Paz”**: ¿en qué contexto organizativo debe desenvolverse un proxecto educativo baseado nos valores da Educación para a paz?; ¿cál debe

empobrecidos é simplemente unha cuestión de xustiza, non supón máis que un tímido inicio do que deberían chegar a ser no futuro unha auténtica relación de solidariedade e cooperación entre os pobos.

O 0,7% é unha cifra simbólica. A superación do atraso e a miseria do "Sur" ha de vir da man dun profundo cambio nas estruturas económicas e políticas a nivel internacional. Pero mentras tanto, eses fondos poden contribuir a paliar profundos sufrimentos. Supón ademais un apoio económico imprescindible para que moitos pobos comencen a organizar a súa propia subsistencia.

O 0,7% son cartos invertidos nunha operación conxunta, unha "co-operación" que obrigará aos interlocutores a razonar conxuntamente na procura dunha extratexia do desenvolvemento humano baseada no equilibrio social e a sustentabilidade medioambiental.

Desde o inicio da campaña polo 0,7%, centos de persoas e colectivos participan na reflexión arredor de todos estes temas. En Galicia, o apoio á campaña ten o seu millor indicador nas máis de dúascentas persoas que acamparon na Alameda de Vigo dende o día 29 de outubro. Durante vinte e un días, esta xente, na súa maioría xóvenes estudantes, organizaron actividades públicas e accións imaxinativas e de impacto co obxectivo de trasladar o seu debate ao conxunto da sociedade galega. Contando co apoio de todo un abano de organizacións sociais, realizándose charlas informativas sobre "desenvolvemento e medio ambiente", "orden económico internacional", "cooperación", "migración", "refuxiados", "dereitos humanos", etc. O levantamento da acampada non supuxo unha perda de interese, máis ben unha reafirmación dos participantes no



seu empeño en continuar presionando cara ás institucións galegas neste caso, para conseguir a súa implicación na cooperación.

Tamén nas demais cidades galegas se constituiron plataformas desde as que se impulsaron actividades de apoio á campaña: acampadas, xexúns voluntarios, concentracións, murais, etc. Así a incidencia estase a notar nas iniciativas de varios concellos coa proposta de destinar nos próximos presupostos o 0,7% para cooperación a través de ONGDs.

En fin, a esixencia do 0,7% debe servir para implicar á sociedade na cooperación solidaria e esta, á súa vez, ten que ser asumida non só polo goberno de Madrid, senón tamén polas demais institucións públicas e privadas (Xunta, Concellos, universidades, sindicatos, empresas, etc.). A causa é xusta, conseguir un mundo máis xusto e solidario é a tarefa común.



EDUCADORAS/ES POLA PAZ
Apartado 577 - VIGO
(Pontevedra)

Dep. Legal: Vg. -457 -90
Imprime: FEITO, S.L. Hernán Cortés, 13-15 Int. - VIGO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

